

A tradición vitivinícola e a beleza das paisaxes atlánticas fusiónanse na IXP Ribeiras do Morrazo para despregar os encantos deste recuncho costeiro, no que as suaves ladeiras conflúen coa costa da Península do Morrazo e as rías de Pontevedra e Vigo.

Ao longo do percorrido polos viñedos e durante a visita ás adegas desta IXP, os enoturistas terán a oportunidade de descubrir o rico patrimonio, a historia e o legado vinícola desta terra privilexiada polas súas particulares condicións.

Os solos cálidos e permeables xeran unha contorna idónea para o cultivo das uvas.

Os viños de Ribeiras do Morrazo reflexan en cada sorbo as características do terroño, mantendo un perfecto equilibrio, armonía e unha expresión aromática única. Sen dúbida, recoñeceremos a esencia do mar e da terra en cada copa!

Nesta viaxe descubriremos os segredos da viticultura tradicional galega, mergullándonos nas peculiaridades das variedades máis emblemáticas deste territorio atlántico: albariño, tinta femia, godello e mencia. Ademais, gozaremos dos sabores máis auténticos da gastronomía local, elaborada con produtos frescos da costa.

**Viños
que falan
de nós**

Deixa que a
emoción te leve pola
IXP Ribeiras do Morrazo




Rutas
Enoturismo





Rutas Enoturismo



DATOS TÉCNICOS

- Distancia: 180 km
- Tempo estimado do percorrido en coche: 5 horas
- Tempo mínimo estimado para as visitas da ruta: 2 xornadas completas

Un territorio vitivinícola en oito concellos nos que vivir unha experiencia única...

POIO

Combarro (conxunto monumental e artístico)
Bosque de Secuoias
Illa de Tambo
Casa Museo de Cristovo Colón

Singularidade, historia, viticultura e tradición



Adega Mosteiro de Poio



MARÍN

Ruta dos Muíños de Loira
Castro da Suvidá
Praia do Santo do Mar
Praia de Loira

Viños atlánticos, paisaxes marítimas e elementos arqueolóxicos



Adega Ardán



BUEU

Igrexa de Santiago de Ermelo
Santa María de Cela
Vila de Bueu
Museo Masó de Bueu
Espazo natural de Cabo Udra

Vila mariñeira onde gozar da paisaxe e dos mellores produtos do mar

CANGAS DO MORRAZO

O patrimonio histórico, a beleza das praias e unha gastronomía de excelencia

Santuario de Santo Amaro
Bosque Encantado ou Finca Frendoal
Cruceiro do Hío e igrexario
Facho de Donón e viñedos do Cabo do Vento
Vila de Cangas e Igrexa de Coiro



Adega Videiras no Mar



MOAÑA

Vila de Moaña
Igrexa de San Martiño de Moaña
Poza da Moura
Chan da Arquíña

Vistas panorámicas, sendeirismo e historia castreña

VILABOA

Lago de Castiñeiras e mámoa do Rei
Miradoiro de Cotorredondo
Salinas de Ulló
Casa rural Os Areeiros

Un entorno privilexiado no que gozar de viños excepcionais



Adega Os Areeiros



REDONDELA

O lugar no que conflúen a tradición, a literatura e a historia da viticultura galega

Igrexa de Santa María do Viso
Monte da Peneda (castro, santuario e miradoiro)
Miradoiro de Campo da Rata
Museo Meirande



Adega Reboraina



PONTEVEDRA

Epicentro cultural e capital da enogastronomía de Ribeiras do Morrazo

Zona monumental de Pontevedra
Museo Provincial de Pontevedra
Basílica de Santa María a Maior
Igrexa de San Bartolomeu
Igrexa da Peregrina
Santiaguíño do Burgo
Mosteiro de San Bieito de Lérez

Pazo de Montero Ríos
Pazo do Arcebispo Malvar ou de Gandarón
Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras
Ponte Sampaio (Ponte e igrexa)
Igrexa da Canicouva e Cama de Santo Estevo
San Cibrán de Tomeza
Pazo da Parda